

“A vida dun criminal no 2094”

Mirei á dereita. Nada. Mirei á esquerda. Ninguén. Botei a correr cara a diante tanto como as miñas pernas, cansas e doridas, deixáronme. Repriminme as dores para logo, e concentreime en correr, correr, correr... Cando un anaco despois empecei a ir máis lento polo cansazo, mirei para atrás para ver se alguén me seguía. Efecti-vamente, alí había un home, non moito menos canso ca min, do bando inimigo, apuntándome e a punto de apertar o gatillo da súa arma. Sen pensalo dúas veces, aparteime a un lado -a bala pasoume rozando o peito-, agacheime e disparei varias veces ó meu inimigo. Acertei dous ou tres. O home caeu abatido ó chan.

Aqueles segundos valéronme dun pequeno descanso para poder logo correr máis rápido, e empecei a crer na sorte e nos milagres. Xa lonxe comecei a ouvir os disparos e berros do meu compañeiro e dos poucos policíaas que nos seguían. Pero eu xa tiña experiencia con eles. De súpeto saíu dunha rúa lateral un home, apuntándome (como ca eu a el) á cabeza. Era Raïcob Seile, o meu amigo.

Estivemos un segundo mirándonos e logo, sen dicir palabra ningunha, botamos a correr cara diante. Enriba nosa víanse as estrelas e a lúa realmente fermosas, e lamenteime de non estar coa miña muller e a miña filla no campo. Pero iso non ía ser posíbel, pois elas morreron asasinadas pola miña culpa, ao descoidarme houbera uns meses nunha misión que fórame asinada, onde tiña que matar ao xefe dunha banda. O peor de todo é que a miña familia morreu pensando que eu era unha boa persoa. E non o son. De feito, agora estaba a escapar dos policíaas por asaltar o cárcere e liberar ao meu compañeiro, para o que tiven que matar a sete gardas. Estaba farto desa vida.

Raïcob e máis eu estabamos a correr cando escoitamos disparos tras nosa, e refuxiámonos nunha porta dun restaurante, onde víanse dentro aos clientes agochados baixo as mesas, os robots encargados de atendelos actuando coma se non pasase nada, a pesar de que a algúns chegaranlle balas e botaran faïscas, e a algúns clientes usando os robots coma escudo e saíndo pola porta traseira.

Asomámonos pola parede e disparamos cara atrás, e creo que Raïcob acertou un par de veces, sen chegar a matar a ninguén. Ao ver que era peor do que pensabamos, entramos na cafetería e saímos pola outra porta, mais só era un aparcamento para coches voadores con turbinas, deses dos ricos, ao que se accedía polo aire.

Estabamos perdidos. Escondémonos detrás dun único coche que quedaba e recar- gamos o arma. Un instante despois apareceron os policías. Disparamos có coche coma escudo. Pero eran demasiados.

* * *

Sáimos en todas as pantallas da cidade e das casas, desde eses aparellos novos que proxectan unha imaxe a color en tres dimensións desde unha peza pequena, coma un holograma, ou eses libros de follas táctiles que fan de case todo –incluso poñer vídeos ou fotos-, e ata nos teléfonos fixos con vídeo onde tamén botan o telexornal. En fin, saímos por todas partes. E mandáronnos ó cárcere.

Pero grazas á tecnoloxía, o cárcere é case mellor cunha casa normal –cosa coa que non estou de acordo-, e cada cela tiña baño, televisión, videoxogos, biblioteca, todos eses aparellos domésticos, como neveira, robots de limpeza (que daquela facían case todo o que lles pedises)... Ata había fóra das celas salas de xogos, restaurante con boa comida, enfermería chea de aparellos electrónicos con máis robots que non me pararei a nomear, e unha escola para os nenos dos presos que se quedaran sen fogar, que dormen en habitacións especiais e cheas de xoguets, consolas virtuais desas que colocas un casco e parece que estás noutro mundo, videoxogos... Pero esa escola tiña unha clase para os internos, pois a inmensa maioría, coma eu, non remataran os estudos. E eu apunteime a esas clases, pois tiña ansia por saber todo o posíbel, e ademais tampouco tiña nada mellor que facer. E creo que fixen ben.

Eu pasaba o tempo estudando, facendo os deberes, lendo, xogando cos aparellos e estando con Raïcob e con outras amizades que fixen. Gustábame ir a clase, pois era divertido estar rodeado de xente con interese, rodeado de toda esa tecnoloxía interactiva, como eran o encerado en tres dimensións que saía proxectada do teito, que rodeaba ao que estaba a facer un exercicio nela, e polo que saía unha proxección da profesora cando non podía ir a clase persoalmente, e o robot-substituíto que facía de maestro cando a nosa profesora tampouco podía estar na videoconferencia, os «rotuladores a distancia», que servían para pintar no encerado sen ter que levantarse un da súa mesa dixital, mesa que a parte era táctil e incluía un programa que substituía ás antigas libretas, os programas educativos que facía que aprender fose máxico, pois desprazábase totalmente a unha nova dimensión...

Pasei os vinte anos seguintes alí encerrado, pero o pasaba ben e era entretido estar naquel sitio, e tan só tiven problemas un par de veces, ao verme implicado en rifas. Pero xeralmente todo foi ben, e sabía que merecía estar no centro, por iso esforzábame en facer da miña estancia alí unha lección aprendida.

E chegoume a hora de saír do cárcere, e fun á miña casa, e lembrei á miña familia, e botei a chorar, e ordenei todo, e maldicín á miña vida, e volvín chorar... A pesar do tempo a casa seguía a ser miña, pero todo os seus electrodomésticos e demais xa estaban anticuados para a época có rápido que avanzaba a tecnoloxía. Tiven que mercar

moitos robots de todo tipo –limpeza, entretenimento...- , nova TVHC (televisión de hologramas a color), teléfono con vídeo, un xerador de electricidade a partir de desfeitos, unha consola desas do casco que te «leva a outro mundo», e para rechear o baleiro que tiña sen a miña filla e a miña muller, unha mascota que chamei Sony, un can branco e negro precioso, deses que xa non se ven.

A miña vida foi, a partir dese momento, soitaria, monótona e sen sentido. Pretendín volver ó cárcere moitas veces, pois era o único «fogar» que tiña, pero non tiven valor de facer algo que implicase similitude cá outra vida pasada. E agora sigo na miña casa, escribindo estas liñas para desafogarme, e para que ninguén cometa o grave erro que eu, Xurxo, cometín: renunciar á familia e, polo tanto, á vida.